

**ARTIGO 4º. DEVENGO**

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e ésta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

**ARTIGO 5º. OBRIGADOS Ó PAGO**

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servizo, entendéndose por tales os/as contraentes.

**ARTIGO 6º. CONTÍA**

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será polo importe seguinte:

As bodas celebradas na Casa do Concello	50,75
As bodas celebradas na Capela do Hospital sen megafonía	60,90
As bodas celebradas na Capela do Hospital con megafonía	71,05

**ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN**

Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da autoliquidación resultante na Caixa de Recadación ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

*Disposición derradeira*

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 31.10.2013, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de 27.12.2013. Comezará a aplicarse a partir do 01/01/2014, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

**ORDENANZA FISCAL Nº 25 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE EMERXENCIAS  
DO CONCELLO DE CANGAS****ARTIGO 1º FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o Concello de Cangas establece a taxa polo Servizo de Protección Civil e Emerxencias, que se regulará pola presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE.**

1. - Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos Servizos de Extinción de incendios, alarmas destes, accidentes de estrada, anegamentos e calquera outra situación análoga que motive a necesidade de intervención polos servizo de emerxencias do Concello de Cangas, ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do devandito servizo de emerxencias redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2. - Non estarán suxeitos ó pagamento da taxa do servizo de protección civil e emerxencias as actividades de prevención en xeral, realizadas a instancia do propio Servizo, nin os servizos de protección civil e emerxencias que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

3. – Gozarán de exención as propiedades municipais e os casos que sinala a lexislación vixente.

#### ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO.

1. – Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, e os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto de prestación do servizo emerxencias, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos devanditos inmobles.

2. – Cando se trata de prestación de servizo de emerxencias de salvamento ou outros análogos, será suxeito pasivo a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que os solicite, ou en favor da que redunde.

3. – Terá a consideración de sustituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo emerxencias, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

#### ARTIGO 4º RESPONSABLES.

1. – Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. – Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5º COTA TRIBUTARIA.

1. – A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais, que se empreguen na prestación do servizo de emerxencias, o tempo invertido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. – Para tal efecto aplicaranse a seguinte Tarifa:

Saída, taxa fixa .....	91,35	Euros
Apertura de porta .....	50,75	Euros
Emisión de informes sobre intervencións do servizo. ....	35,53	Euros
<i>QUILOMETRAXE</i>		
Quilómetro (Contabilizando Ida e Volta e cando sexa fora do termo municipal) .....	1,02	euros/Quilómetro.
<i>VEHÍCULOS</i>		
BUL - Bomba Urbana Lixeira .....	65,98	euros/h. ou fracción
BFP - Bomba Forestal Pesada .....	76,13	euros/h. ou fracción
FSV - Furgón Salvamento varios .....	60,90	euros/h. ou fracción
Vehículo todo-terreo .....	50,75	euros/h. ou fracción
Vehículo de apoio. ....	50,75	euros/h. ou fracción
<i>PERSOAL</i>		
a) Bombeiro .....	18,21	euros/hora ou fracción de traballo
b) Cabo .....	21,84	euros/hora ou fracción de traballo
c) Xefe do servizo .....	36,40	euros/hora ou fracción de traballo
<i>EQUIPOS</i>		
Equipos ERA (Respiración Autónoma) .....	20,30	euros/Unidade
Extintores. ....	36,54	euros/Unidade
Mangueras e Accesorios .....	15,23	euros/Tramo
Xerador de Espuma .....	30,45	euros/h. ou fracción
Xerador Eléctrico .....	40,60	euros/h. ou fracción
Equipo de Mergullo .....	40,60	euros/h. ou fracción
Embarcación de Rescate e Salvamento .....	50,75	euros/h. ou fracción
Detector de Gases .....	30,45	euros/h. ou fracción
Bomba de Achique. ....	30,45	euros/h. ou fracción
Equipo de rescate de altura/subsolo. ....	30,45	euros/h. ou fracción
Equipo de excarceración .....	60,90	euros/h. ou fracción
Equipo de iluminación .....	30,45	euros/h. ou fracción

**MATERIAL**

Recarga Aire Comprimido ERA .....	12,18	euros/Unidade
Escumóxico .....	10,15	euros/Litro
Absorbente .....	15,23	euros/Kg.
Dispersante .....	12,18	euros/Litro

**SERVIZOS ESPECIAIS**

Limpeza de vía .....	50,75	euros h. ou fracción
Achiques .....	25,38	euros h. ou fracción

**SERVIZOS FÓRA DO ÁMBITO DO CONCELLO**

Os Servizos efectuados fóra do ámbito de actuación do termo municipal do Concello de Cangas sufrirán unha recarga do 40% sobre a tarifa resultante.

**INCIDENTES CON MATERIAS PERIGOSAS**

Naqueles incidentes nos que haxa presenza de sustancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. recargarase a tarifa resultante nun 50%.

Naqueles casos nos que as cantidades ou condicións presentes excedan as cantidades permitidas polas disposicións legais aplicables, recargarase a tarifa resultante nun 100%.

**ARTIGO 6º REMUNERACIÓN.**

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia da Base a dotación correspondente, momento en que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo de emerxencias. O servizo rematará coa chegada á Base de todo o persoal e material participante. No caso de que non se chegue a intervir, cobrarase unicamente a saída dos vehículos da Base agás no caso de saída fóra do termo municipal onde se cobrará tamén a taxa correspondente a quilometraxe.

**ARTIGO 7º LIQUIDACIÓN E INGRESO.**

De acordo cos datos que informe o servizo de emerxencias, o servizo de taxas municipal practicará a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

**ARTIGO 8º PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EMERXENCIAS FÓRA DO CONCELLO.**

Para a realización de tal servizo de emerxencias precisarase autorización da Alcaldía ou persoa na que delegue. Concederase, en todo caso, cando o servizo de emerxencias teña dispoñibilidade e o solicitante satisfaga a contía da taxa, calculada conforme ó disposto nesta ordenanza.

**ARTIGO 9º INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.**

No referente á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que correspondan en cada caso, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa

**ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cangas, establece a taxa por aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos a que se refire o artigo 20. 3. i) e j), do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.